

E para que conste, para os efectos da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* co fin de que lle sirva de notificación en forma á empresa *Asion Tec, S.L.*, expido e asino esta cédula.

A Coruña, 7 de marzo de 2008.

A secretaria xudicial  
Rubricado

## VI. ANUNCIOS

### a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

#### VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

*Resolución do 31 de marzo de 2008 pola que se anuncia o concurso público aberto, trámite ordinario, para a adjudicación das obras de reforma do pavillón de actividades, urbanización xeral da parcela e melloras das instalacións do campamento xuvenil A Devesa en Ribadeo (Lugo).*

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, unha vez cumpridos os trámites administrativos correspondentes, resolve anunciar concurso para a seguinte contratación:

#### 1. Entidade adjudicadora.

a) Organismo: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral.

c) Número de expediente: 55/08.

#### 2. Obxecto do contrato.

Descrición do obxecto: obras de reforma do pavillón de actividades, urbanización xeral da parcela e melloras das instalacións do campamento xuvenil A Devesa en Ribadeo (Lugo), coas especificacións técnicas que se describen no prego de prescricións técnicas (CPA 45.21.1).

a) Lugar de execución: Ribadeo-Lugo.

b) Prazo de execución: 6 meses.

3. Tramitación, procedemento e forma de adjudicación:

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso público.

4. Orzamento base de licitación. Importe total: 395.237,76 € (IVE incluído).

#### 5. Garantías.

Provisional: non se exige.

Definitiva: si (cláusula V do prego de cláusulas administrativas particulares).

#### 6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: rexistro xeral da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

b) Domicilio: edificio administrativo San Caetano.

c) Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15781.

d) Teléfono: información de índole administrativa: 981 54 46 80 (sr. Pedrosa).

Información de índole técnica: 981 54 72 43 (sr. López Cousillas).

e) Telefax: 981 54 56 85.

f) Data límite de obtención de documentos e información: ata rematar o prazo de presentación de proposicións.

Tamén se poderán obter os pregos relativos a esta contratación no seguinte enderezo da internet:

<http://www.xunta.es/contratacion/resultado.jsp?N=9465>

O prego de prescricións técnicas que rexerán estas contratacións estará á disposición dos interesados para o seu exame durante o prazo de presentación de proposicións, na copistaría: *Copy Estudio*, sita na rúa Nova de Abaixo, 19-21 baixo en Santiago de Compostela (teléfono 981 59 33 85).

#### 7. Requisitos específicos do contratista.

a) Clasificación: grupo C, subgrupo 2-3, categoría D.

8) Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: vinte e seis (26) días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Documentación que deben presentar: a que figura na cláusula III.2 do prego de cláusulas administrativas particulares, debe figurar no exterior dos sobres o CIF do licitador. No caso de que estean inscritos no Rexistro de Contratistas, xuntarse gram-pado no exterior do sobre A o certificado do devandito rexistro.

c) Lugar de presentación:

1. Entidade: rexistro xeral da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

2. Rexistro xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no suposto de que o derradeiro día de presentación das proposicións coincida en sábado.

3. Domicilio: edificio administrativo San Caetano.

4. Localidade e código postal: Santiago de Compostela 15781.

Se a documentación se presentase en calquera outro rexistro diferente ao indicado nos parágrafos anteriores, a proposta non será admitida á licitación.

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta: 3 meses.

e) Admisión de variantes: non se admiten.

9. Apertura de ofertas.

a) Entidade: Secretaría Xeral da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

b) Domicilio: edificio administrativo San Caetano.

c) Localidade: Santiago de Compostela (A Coruña).

d) Data: o décimo día hábil seguinte ao de rematar o prazo de presentación de ofertas. De coincidir este en sábado, pasará ao seguinte día hábil.

e) Hora: 10.00 horas.

10. Gastos do anuncio: este anuncio será por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2008.

P.D. (Orde 16-11-2007)

Antonio Javier Ferreira Fernández  
Secretario xeral da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar

## **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

*Resolución do 12 de marzo de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se fai pública a adxudicación do contrato ao que se fai referencia.*

Para os efectos previstos no artigo 93 do Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, esta secretaría xeral acordou darlle publicidade á adxudicación dos contratos que a continuación se relacionan:

-Contratación dun servizo de dotación, mantemento e actualización das bases de datos de lexislación, xurisprudencia, bibliografía e formularios e modelos de contratación para o portal dos concellos Eido Local.

1. Entidade adxudicadora:

a) Organismo: Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral.

c) Número do expediente: SELO 01-EM.

2. Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: servizo.

b) Descrición do obxecto: servizo de dotación, mantemento e actualización das bases de datos de lexislación, xurisprudencia, bibliografía e formularios e modelos de contratación para o portal dos concellos Eido Local.

c) División por lotes e número: lote único.

d) Diario oficial e data de publicación do anuncio de licitación: DOG nº 4, do 7 de xaneiro de 2008.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: urxente e anticipada de gasto.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso.

4. Orzamento base de licitación: cento dezanove mil oitocentos euros (119.800 €), IVE incluído.

5. Adxudicación: declarado deserto.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2008.

Santiago Antonio Roura Gómez  
Secretario xeral da Consellería de Presidencia,  
Administracións Públicas e Xustiza

*Resolución do 27 de marzo de 2008, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se notifican os acordos de iniciación de expedientes sancionadores por infraccións en materia de xogo P-64/2008.*

De conformidade co disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, notifícaselles ás persoas que a seguir se relacionan, aos cales non se lles puido facer por correo certificado, os acordos de iniciación ditados nos expedientes de sanción, por infraccións en materia de xogo.

Nome: Lizbeth Castro Butron.

DNI/CIF/NIF: X-3797191-Y.

Número de expediente: P-64/2008.

Precepto infrinxido: artigo 29 i) da Lei 14/1985, do 23 de outubro, modificada pola Lei 7/1991, do 19 de xuño, e pola Lei 3/2002, do 29 de abril.

Último domicilio: rúa Urzaiz, 135, Vigo (Pontevedra).